

**CONTRATACIÓN DA OBRA “OBRAS DE MELLORA NO CEIP “VIRXE DO PORTAL” E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES DO ENTORNO”.**

**OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

**1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:**

- a) Organismo: Concello de Sobrado.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Dependencia: Secretaría.
  - 2) Domicilio: Plaza Portal, nº 1, Porta
  - 3) Localidade e código postal: Sobrado, 15813
  - 4) Teléfono: 981 787508
  - 5) Telefax: 981 787577
  - 6) Dirección de Internet do perfil de contratante: [www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)

**2. Obxecto do contrato:**

- a) Tipo: obra
- b) Descrición: execución da obra contida no proxecto “Obras de mellora no CEIP “Virxe do Portal” e acondicionamento de zonas verdes do entorno”
- c) Prazo de execución: 1 mes.

**3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación ordinaria.
- b) Procedemento negociado. Modalidade de consulta: publicación dun anuncio no perfil de contratante.

**4. Presuposto base de licitación:** 26.899,37 € (IVE excluído), 32.548,24 € (IVE incluído).

**5. Garantías esixidas.** Definitiva: 5% do importe de adjudicación, IVE excluído.

**6. Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional:**

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo C subgrupo 3 categoría 1

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volumen anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificación de boa execución.

**APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:**

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volumen anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se inidica no epígrafe 4 do cadro de características (anexo I).

**7. Criterios de adxudicación e negociación:** Os establecidos no anexo V do prego de cláusulas administrativas.

**8. Presentación de ofertas:**

a) Prazo: 8 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello.

b) Lugar de presentación:

- Rexistro Xeral do Concello con domicilio en Plaza Portal, nº 1, Porta, 15813 Sobrado (A Coruña).

- En Oficina de Correos: Comunicación do envío por medio de oficina de correos

Nº de FAX da entidade contratante: 981 787577